

Historia do mundo

Aínda me colgaban as pernas do banco de detrás da cociña cando souben que da barriga, terriblemente inchada, da nai ia chegar un neno. Sería meu irmán, me dicían. Pero sempre sería mais pequeno. A min, que non me gustaba moito esa opción preguntei si non podería ser un irmán maior en troques de un pequeno. Non me contestaron. Adoitaban non facelo. Parece ser que ,daquela, cando aínda me colgaban as pernas do banco da cociña, as miñas preguntas non tiñan importancia. Non se decataban, os maiores ,da cantidade de cousas que me preocupaban e que, a forza de non recibir resposta, deixei de preguntar. Dende a miña postura diante do tiro da cociña o mundo facíase-me un lugar terriblemente complicado. A avoa era unha muller de baixa estatura. A ela tamén lle custaba apoiar os dous pés no chan cando estaba sentada no banco. Vivía permanentemente nesa cociña. Nunca a vin nin no baño nin no salón e, por suposto, era unha avoa de interior que nunca saía a rúa. Estaba sempre coas mans pegadas o ferro da cociña, erguendo o testo da pota dos cachelos, ou reforzando os calcetíns cunha tea de algodón. Tiña sempre un pano na cabeza atado no pico nunha pequena lazada. A miúdo pasaba a man por entre a cara e o pano para asegurarse de que non se lle escapaba. Eu tiña gaña de ver que había debaixo de aquel pano negro. Sólo o souben moitos anos despois escondéndome atrás dunha porta cando ela compoñía a súa trenza grisalla. A avoa dábame un aloumiño ó día. Só un. Dicía que cos cativos non había que ser agarimoso en exceso porque senón saían brandos. Eu agardaba con gran intensidade ese

agarimo e por iso, so facía por ela unha cousa boa o día. Non podía desgastar favores. Dende moi neno souben como temperar os esforzos para o únicamente necesario. O avó comía sempre nunha esquina da mesa. Gustáballe meter un cacho de touciño entre os tres dentes que lle quedaban e ir roendo cun cacho de pan negro. Quedábanlle sempre os beizos abrillantados pola graxa que lle caía da boca. Ata que acababa o cacho de touciño non pasaba a manga da chaqueta para se limpar. A min iso estábame prohibido para limpar os mocos . Parece ser que só se podía limpar o que viña de fora pero non o que chegaba de dentro. O avó só falaba cos de fóra. Cando viñan os veciños a xogar as cartas e lle mandaba a avoa poñerlles un vasiño de viño. A min só me dicía:

- Neno aparta , que aquí estás estorbando.-

Gustábame escoitar ó avó cando viña a xente de fóra. Ría, contaba as historias da guerra e falaba dos que casaban no pobo. Gustáballe rir entre grolo e grolo de viño. Ás veces, cando os veciños estaban moito tempo, o avó mareábase un pouquiño e eu tiña que o acompañar á cama para que non caese polas escaleiras. O avó e a avoa nunca falaban. Sempre pensei que xa non debían ter nada que se dicir. Cando souben que durmían no mesmo cuarto e na mesma cama pareceume increíble. Como podían durmir xuntos se nin tan sequera se miraban?. Por qué durmían no mesmo cuarto si había outros dous baleiros? . Todo iso poderíallo preguntar ó irmán maior , pero como o que ía chegar era pequeno seguro que non o sabería. A nai estaba agora inchada por ese irmán que levaba dentro. Nin preguntei como entrara alí nin por onde ía saír. Cada mañá cando entraba na

cociña a facerme o almorzo miraba para a barriga por ver si xa saíra. A miña espera foi eterna. Empecei a pensar que o irmán nunca chegaría. Dende o banco de madeira non se alcanzaba o chan pero víase e escoitábase todo. Algunhas cousas das que alí vin e alí escoitei non puider esqueceras en toda a miña vida. Hoxe, dende o mesmo banco, coas pernas, doridas de artrose, no chan e as mans cansas do traballo volvo a lembrar a miña ruptura do mundo.

Dende aquela tarde nada seguiu igual. Foi como si as pernas me medraran de repente e me chegaran non só o chan senón tamén a porta da cociña. O avó comía o seu lisco na esquina do banco, a avoa levantaba o testo da pota para ver si xa estaban cocidos os cachelos, a mamá miraba para fora.-

- Voume.- dixo.-
- -que dis. Dixo a aboa.-
- Venme buscar Antonio, ímonos para Alemaña.-
- E como te vas ir así encinta.-
- El ten traballo alí e dime que hai moi bós hospitais para dar a luz.

Eu abaneaba os pes cada vez con máis forza, abrindo os ollos e agardando que nalgún momento desa conversa dixeran o meu nome. Afixérame a calar a pesar de que todo o meu corpo era unha chea de palabras, de preguntas, de lamentos, de choros contidos. A mamá achegouse a min e deume un bico nos beizos. A aboa díxolle.

- Un para ti e outro para min, é todo o que che podo dar.-

Deu media volta e saíu da cociña cerrando a porta. Deberon pasar polo menos tres anos de silencio, ata que os cachelos estiveron cocidos, ata que a avó acabou o cacho de touciño, ata que a min se me caeu un zapato de tanto abanear os pés.

- Xa están os cachelos. Imos comer.- dixo a aboa mirando para min cun sorriso na boca.
- E a mamá, non ven comer - atrevínme a preguntar ?

O avó dende o outro lado do banco sentenciou.

-Xa es grande para comer só, xa es grande para facer todo ti só. Así que non preguntes mais e come.-

Nunca souben o que pasou antes e despois daquela conversa porque cando un é neno todo lle chega nesgado por esa manía adulta de pensar que os nenos non son capaces de comprender.

Nunca tiveron irmán pequeno. Aínda espero sentado no banco a que se abra a porta e apareza unha muller con un vestido de froes, unha chaqueta verde e un ventre avultado.

MARÍA LUNA